


2ª CRONOESCALADA SANROCKEIRA 2024

Concello de San Sadurniño



REGULAMENTO CRONOESCALADA

Art. 1.- Data	3
Art. 2.- Categorías e distancia	3
Art. 3.- Lugar	3
Art. 4.- Entidades organizadoras	4
Art. 5.- Entidades colaboradoras	4
Art. 6.- Regulamento específico	4
Art. 7.- Outras Observacións	7
Art. 8.- Control e clasificación	7
Art. 9.- Inscripcións	8
9.1.- Prezo	8
9.2.- Nº de Prazas	8
9.3.- Prazo de Inscripción	8
9.4.- Lugar de inscrición	8
Art. 10.- Retirada de dorsais	8
Art. 11.- Avituallamento	8
Art. 12.- Aparcadoiro	8
Art. 13.- Agasallos	9
Art. 14.- Categorías e premios	9
Art. 15.- Compromiso	9
Art. 16.- Servizos ás persoas inscritas	10
Art. 17.- Percorrido	10
17.1.- Sinalización	11
17.2.- Saída	11
17.3.- Meta	11
17.4.- Descrición do percorrido	11
17.5.- Perfil da proba	11
17.6.- Track	11
17.7.- Mapa do percorrido	12
Art. 18.- Comité Organizador	12

A **Cronoescalada Sanrockeira** é unha proba ciclista popular que ten lugar dentro do incomparable marco do Concello de San Sadurniño, en Galicia. Cunha paisaxe increíble, valores culturais e patrimoniais de primer orde cun percorrido espectacular e moderadamente esixente.

O CONCELLO DE SAN SADURNIÑO e o CLUB MTB BIELA E CHAVETA, son os organizadores da 2ª edición a cal consta dun circuíto con percorrido ascendente de 3,400 mtrs. que discorre dentro do termo municipal de San Sadurniño na parroquia de Naraío.

Art.1. DATA.

VENRES 23 DE AGOSTO DE 2024.


Art. 2. CATEGORÍAS E DISTANCIA.

DISTANCIA	CATEGORÍAS
3,400 mtrs.	<u>ESTRADA</u> ABSOLUTA Masc e Fem. (18 a 49 anos) MÁSTER 50 Masc e Fem. (50 anos en diante)
3,400 mtrs.	<u>BTT</u> ABSOLUTA Masc e Fem. (18 a 49 anos) MÁSTER 50 Masc e Fem. BTT (50 anos en diante)

Art. 3. LUGAR.

A proba realizarase na parroquia de Naraío no Concello de San Sadurniño. A saída será do campo da festa e a chegada será no lugar de Quintiá.

<https://goo.gl/maps/bzWNGfnP1c8h8nQx8>



Art. 4. ENTIDADES ORGANIZADORAS.

Concello de San Sadurniño

Concellaría de Deportes



Club MTB Biela e Chaveta



Art. 5. ENTIDADES COLABORADORAS.

Comisión de festas de Naraio



Art. 6. REGULAMENTO ESPECÍFICO.

1. A **Cronoescalada Sanrockeira** é unha proba deportiva con velocidade libre con control de tempos mediante chip.
2. A proba está aberta a todas as persoas con licenza ou non, sen distinción de sexo ou nacionalidade.
3. Haberá 2 modalidades segundo o tipo de bicicleta que se use:

A) Bicicleta de estrada

B) Bicicleta BTT

4. Os participantes nesta proba deportiva, coas excepcións previstas neste regulamento, están obrigados/as ao cumprimento das normas específicas do regulamento da proba e ás que nun momento determinado estableza ou adopte, por seguridade, o responsable da proba ou a autoridade competente.
5. A cronometraxe realizarase mediante o sistema de chip.
6. O percorrido será o mesmo para as 2 modalidades (ver descrición do percorrido na páxina 10 deste regulamento).
7. A orde de saída realizarase por orde de chegada e recollida de dorsal. O primeiro participante sairá ás 18:30 horas. Cada 60 segundos irán saíndo o resto de participantes.
8. Categorías:

MODALIDADE	CATEGORÍAS
ESTRADA	ABSOLUTA Masc e Fem. (18 a 49 anos) MÁSTER 50 Masc e Fem. (50 anos en diante)
BTT	ABSOLUTA Masc e Fem. (18 a 49 anos) MÁSTER 50 Masc e Fem. BTT (50 anos en diante)

9. Cada participante participa baixo a súa responsabilidade e suponse que dispón dun nivel de condición física óptimo para afrontar a proba.
10. Todas as persoas participantes terán asignado un dorsal, este irá situado no manillar e terá que ser visible o longo de toda a proba.
11. As **reclamacións** deberán ser feitas verbalmente ao persoal responsable da proba, non máis tarde de 30 minutos despois de comunicarse oficialmente os resultados.

12. Ningún ciclista poderá competir con outro Club que non sexa o que figure na súa licenza correspondente. No caso de que se producise esta situación, o/a ciclista será descualificado automaticamente.

13. RETIRADAS E DESCUALIFICACIÓNS:

Serán motivo de **descualificación**, entre outros, os seguintes aspectos:

- Non levar o dorsal perfectamente colocado ata a súa entrada na meta.
- Participar cun dorsal que corresponde a outro ciclista.
- Non realizar o percorrido de carreira completo.
- Non atender as indicacións dos membros da organización.
- Pretender participar na carreira sen terse inscrito previamente.
- Aquela conduta que sexa estimada como antideportiva.
- Calquera outras de análoga natureza, que a xuízo da organización da carreira poida ser considerada como conduta antideportiva merecedora de sanción disciplinaria.
- Realizar a inscrición alterando os datos de forma maliciosa.
- Manter unha actitude groseira, violenta, ou que en xeral atente en contra do espírito deportivo.
- Non se pode ir "a roda" doutro/a ciclista. Serán responsables todos os ciclistas que formen o grupo con independencia da posición que teñan dentro do mesmo.
- Non respetar o código de circulación.

14. Tódalas persoas participantes na proba fano baixo a súa propia responsabilidade e polo feito de inscribirse aceptan o presente regulamento.

15. **Seguro:** Cada participante estará amparado por unha póliza de accidentes deportivos, excluídos os casos derivados dun padecemento latente, imprudencia ou inobservancia das leis ou da normativa da competición, etc. Tamén quedan excluídos os casos producidos polo desprazamento ao lugar da competición ou dende o mesmo. Non se permitirá a existencia no percorrido de ningún vehículo alleo á organización, estando estes últimos debidamente identificados.

16. A organización disporá de **AMBULANCIA** ata que finalice a proba.

17. Tódalas persoas participantes, polo feito de formalizala inscrición, dan o seu consentimento para que a organización trate informaticamente e con finalidade exclusivamente deportiva e/ou promocional os seus datos de carácter persoal, así como a súa imaxe dentro da proba mediante fotografías, vídeo, redes sociais, etc.

18. A organización poderá solicitar a documentación, onde conste a data de nacemento dos participantes. A non aportación desta, poderá ser motivo de descualificación.
19. Non está permitido o acompañamento de persoas non inscritas na proba que poidan acompañar, avituallar ou marcar ritmos ós participantes.
20. A organización resérvase o dereito de modificar o que considere oportuno. O mal tempo non será motivo de suspender a proba, agás que haxa aviso de alerta vermella e quede suspendido todo tipo de actividade deportiva ao aire libre, en tal caso a organización non asumirá ningunha responsabilidade se suspendese por causas de forza maior.
21. As persoas inscritas, deberán observar escrupulosamente as disposicións da Lei de Seguridade Vial e o seu Regulamento. A proba discorre por estradas abertas ó tráfico. Quen non cumpra a lei será expulsado da proba. A inscrición na proba supón que o participante asume os riscos inherentes á participación na proba aberta ao tráfico.
22. A organización non se fai responsable de ningún accidente do que puidera ser causa ou vítima a/o participante, que deberá estar cuberto pola correspondente licenza federativa ou o seguro de accidentes contratado pola organización en caso de non estar federado/a. Tampouco se fai solidario dos gastos nin das débedas que puideran contraer as persoas inscritas durante a proba, nin dos extravíos ou averías que puidesen sufrir as bicicletas ou equipamento das/os participantes.
A/o participante exime á organización de calquera responsabilidade por perda ou deterioro de obxectos persoais.
23. O uso do casco é obrigatorio.

Art. 7. OUTRAS OBSERVACIÓNS.

O descoñecemento deste regulamento non exime do seu cumprimento.

Art. 8. CONTROL E CLASIFICACIÓN.

A cronometraxe realizarase mediante chip.

A clasificación da proba poderá ser consultada:

- No lugar habilitado para tal efecto.

- Na páxina web do Concello de San Sadurniño www.sansadurnino.gal
- Na páxina web de emesports.

Art. 9. INSCRICIÓNS.

9.1.- Prezo: Gratuito

9.2.- Nº de Prazas: 100 (por orde de inscrición).

9.3.- Prazo de Inscrición.

Remata o **15 de agosto ás 14:00 horas (non se realizarán inscricións o mesmo día da proba).**

9.4.- Modo de inscrición.

- Na páxina web www.emesports.es

Art. 10. RETIRADA DE DORSAIS.

- A retirada de dorsais realizarase o **mesmo día no lugar da proba (saída)**. Haberá unha zona habilitada para a retirada dos dorsais. O horario de retirada será ate 30 minutos antes do inicio da proba.
- Para retirar o dorsal será imprescindible presentar o **DNI ou licenza da FGC**.

Art. 11. AVITUALLAMENTO.

Na meta colocarse un avituallamento líquido para todas as persoas participantes.

Art. 12. APARCADOIRO.

Habilitarase unha zoa específica preto do lugar da saída para que tanto as persoas participantes como o público poidan deixar o coche.

<https://goo.gl/maps/hmiTQG9zmCeoLSjR8>

Art. 13. AGASALLOS.

Haberá un sorteo de agasallos entre as persoas participantes unha vez rematada a proba.

Art. 14. CATEGORÍAS E PREMIOS.

CATEGORÍA	PREMIOS
ABSOLUTA ESTRADA	Trofeo para os tres primeiros clasificados masculino e feminino
MÁSTER 50 ESTRADA	Trofeo para os tres primeiros clasificados masculino e feminino
ABSOLUTA BTT	Trofeo para os tres primeiros clasificados masculino e feminino
MÁSTER 50 BTT	Trofeo para os tres primeiros clasificados masculino e feminino
Primeiro clasificado/a da xeral	Trofeo para o primeiro clasificado masculino e feminino
Primeiro clasificado/a da xeral do Concello de San Sadurniño	Trofeo ao primeiro clasificados masculino e feminino do Concello de San Sadurniño
Participante de maior idade	Trofeo ao participante masculino e feminino de maior idade

Art. 15. COMPROMISO.

Cada participante comprométese a:

- 1.- Aceptar estritamente todos os artigos do presente regulamento.
- 2.- Aceptar as posibles modificacións da proba as que a organización se vexa obrigada a modificar por causas alleas a súa vontade.
- 3.- A inscrición na proba é persoal e intransferible.
- 4.- A realización da inscrición implica ter lido, entendido e adquirido o compromiso que a continuación se expón: *“Certifico que estou en bo estado físico. Eximo á organización, ós sponsors ou patrocinadores comerciais, directivos/as, empregados/as e demais persoal organizador de toda responsabilidade que da participación no evento puidera derivarse tal como lesión, perda de obxectos persoais por roubo ou outras circunstancias”.*
- 5.- A organización reservase o dereito a rexeitar calquera inscrición que non acepte os termos e condicións do evento expostos no presente regulamento. No caso de dúbida ou de xurdir algunha situación non reflectida no mesmo, estarase ao que dispoña a organización.

6.- Dar o seu consentimento para que a organización trate informaticamente e con finalidade exclusivamente deportiva e/ou promocional, os seus datos de carácter persoal, así como a súa imaxe dentro da proba mediante fotografías, vídeo, etc.

Art. 16. SERVIZOS ÁS PERSOAS INSCRITAS

A inscrición inclúe os seguintes servizos:

- Dereito a participar na proba
- Avituallamento líquido na meta
- Seguro de accidentes
- Aparcadoiro
- Dorsal
- Cronometraxe
- Servizo médico axustándose á normativa legal deste tipo de eventos

Art. 17. PERCORRIDO.

17.1.- Sinalización.

Todo o percorrido estará sinalizado con frechas no chan. Ademais nos puntos conflictivos haberá persoal da organización.

17.2.- Saída:

Estará sinalizada cun arco de saída. A saída é dende o campo da festa.

17.3.- Meta:

Estará sinalizada cun arco de meta.

17.4.- Descrición do percorrido


Proba cronometrada nas modalidades de estrada e BTT, con 3,400 metros de distancia total entre dous puntos (Saída/Meta) e 468 mtrs. de desnivel positivo acumulado.

- Hora da saída da/o primeiro participante: 18:30 horas
- Cada 60 segundos irán saíndo o resto de participantes
- Distancia total: 3.400 metros
- Desnivel positivo: 468 mtrs.
- Grao de dificultade: Media –Alta

Regreso o lugar da saída

Será o mesmo percorrido que o de subida pero no outro sentido, sempre respetando o resto de participantes que están competindo.

17.5.- Perfil da proba



17.6.- Track

<https://es.wikiloc.com/rutas-ciclismo/1a-cronoescalada-sanrockeira-2023-138841339>

17.7.- Mapa do percorrido



Art. 18- COMITÉ ORGANIZADOR

Estará integrado por:

- Presidente/a: Alcalde do Concello de San Sadurniño. Secundino García Casal
- Director/a da proba: Agustín Pérez
- Responsable de seguridade vial e aspectos técnicos: Carlos García Casal
- Persoal voluntario: Club BTT Biela e Chaveta